

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

**Medina Azahara, o palacio melancólico**

Preto da cidade de Córdoba, en Andalucía, existe un lugar moi especial: Medina Azahara, que en árabe significa «a cidade resplandecente».

Contan que o califa Abderramán III estaba tan namorado da súa favorita, Azahara, que prometeu construírle o palacio máis fermoso que visen os seus ollos.

Abderramán contratou os mellores arquitectos e artesáns e ordenoulles que levantasen e amoblasen o palacio cos máis prezados materiais: madeiras nobres, mármores, azulexos, marfil e pedras preciosas.

Tamén mandou deseñar belos xardíns con plantas, árbores e paxaros exóticos que deleitasen a Azahara.

Con todo, Azahara estaba triste porque non podía contemplar as neves de Serra Nevada como facía desde Granada, a cidade en que nacera.

Ao decatarse Abderramán do motivo da súa tristeza, exclamou: «Eu farei que neve en Córdoba!». Mandou plantar aos pés do palacio un bosque de amendoeiras, moi preto unhas doutras, de forma que cada primavera, cando as amendoeiras florecían, as súas flores brancas parecían encher de neve toda a zona. E Azahara, contan, xa non volveu estar triste.

**1 Le o texto e contesta.**

- Onde está Medina Azahara? Que significa o seu nome? \_\_\_\_\_

---



---

- Quen a construíu e por que motivo? \_\_\_\_\_

---



---

- Que materiais se empregaron? \_\_\_\_\_

---



---

- Por que ordenou Abderramán III plantar amendoeiras? \_\_\_\_\_

---



---

**2** Abderramán III foi o primeiro califa de Córdoba.

- Antes de ser califato, que era al-Ándalus? \_\_\_\_\_
- Que era un califa? \_\_\_\_\_
- Que xeneral venceu os cristiáns en Santiago de Compostela durante o califato?  
\_\_\_\_\_
- Que pasou en al-Ándalus cando desapareceu o califato? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

**3** Observa a fotografía de Medina Azahara e responde.

- Busca información sobre o tipo de arco que se utilizou. \_\_\_\_\_
- Como están decorados? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
- Pescuda, debuxa e escribe o nome dos tipos de arcos que empregaron os musulmáns.

_____	_____	_____	_____

**4** A cidade de Medina Azahara comezouse a reconstruír no século xx. Observa esta imaxe, previa á reconstrución, e compáraa coa que aparece na páxina anterior. Cres que é importante conservar os edificios históricos?




---

---

---

---

---

---

---